Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que esta moción foi presentada en tódolos concellos de Galicia e que é necesario tratala porque o día 8 de marzo está aí e aféctalle ao punto 3 da proposta de acordo; amosando a disposición do seu grupo a colaborar con grupo de goberno na elaboración dun Plan de Igualdade específico para as traballadoras e traballadores do Concello. Concluíndo que apoiarían a proposta da Sra. alcaldesa co compromiso do grupo de goberno de traelos ao próximo Pleno.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, cos trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP, de MI e do PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- A suma de tódolos Grupos Municipais á iniciativa dos Sindicatos dos Sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) de convocatoria de PARO DE DÚAS HORAS NO DÍA 8 DE MARZO e animan aos e as traballadoras a sumarse a iso, como unha medida máis de concienciación e sensibilización sobre a situación de discriminación das mulleres no ámbito laboral e en todos os ámbitos da sociedade.

2º.- Solicitar aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.

3º.- Deixar pendentes os puntos 1 e 2 da proposta de acordo contida no texto da moción presentada co compromiso do grupo de goberno de tratalo no próximo Pleno.

MOCIÓN DE MEAÑO INDEPENDIENTE (MI)

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra ao Sr. Ásperez Montes quen dá lectura a moción que presenta ao Pleno

"Eu, Jose M Aspérez Montes, con DNI nº 76813900H, como portavoz do grupo de Concelleiros da ***Agrupación de Electores Meaño Independiente*** , a través do presente escrito,
EXPOÑEMOS:
-Que tras as numerosas novas que se están a publicar nos medios de comunicación respecto da posta en funcionamento do Polígono de Nantes (Sanxenxo).
-A falla de información por parte da alcaldesa, tanto con esta corporación, coma cos veciños de Concello e en particular de Dena
-O ocultismo que ata agora ven mostrando respecto do estado e da aplicación do convenio asinado no seu día co alcalde de Sanxenxo, e que a día de hoxe non sabemos si está vixente ou coma consecuencia do informe emitido por aguas de Galicia quedou anulado.

MANIFESTAMOS:
Sendo conscientes da importancia do desenrolo do tecido industrial e da incorporación e asentamento na comarca de empresas que poidan crear postos de traballo e contribuir a xerar estabilidade laboral entre os nosos veciños, creemos que este Concello, e en particular a Sra Alcaldesa, NON está a tomar as medidas necesarias e oportunas para que isto ocurra e que a posta en marcha dese poligono industrial non supoña os veciños de Dena, e de todo o Concello, agravar un problema, que xa existe, co funcionamento da EDAR dos Pasales.

I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

O polígono de Nantes a día de hoxe xa está conectado coa EDAR dos Pasales, pero a posta en funcionamento dese espazo podería producir un colapso aínda maior do que hoxe xa hai.
Dende a Alcaldía non se están a tomar as medidas precisas e que vimos demandando en varios plenos sobre o tratamento das augas pluviáis. A pesar de que nos presupostos se recollen partidas (nos de 2017 máis de cen mil euros), e na exposición dos mesmos se presume desta partida, logo temos a proba de que en todo ano nin un só euro, demostrando o pouco que lle importa este problema, e vendo coma noutros concellos de Galicia se conseguen acordos e convenios coa Xunta para a solución a este problema.

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:
**Se someta a votación a petición e solicitude de:**
***Esixir a Xunta de Galicia por parte deste Concello unha inversión destinada ó tratamento das augas pluviáis, procedendo a separación das residuáis de maneira inmediata e polo custo total en todas aquelas que vaian a EDAR de Dena**
***Acometer a reforma que sexa necesaria, según os estudos técnicos pertinentes, ou xa feitos, para que a EDAR de Dena poida soportar a cantidade de residuos que recolla, sin que haxa saturación, nin calquera outra incidencia que tivese que ver cunha cantidade inapropiada de augas e residuos a tratar.**
***Conseguir un compromiso e dar traslado a Xunta, para un definitivo tratamento e recuperación da Ría de Dena, deixando dunha vez por todas de mostrar o aspecto pouco desexable que hoxe podemos ver**
***Ter informados os membros da corporación, incluín claro está os partidos da oposición neste Concello, dos pasos e decisións que se vaian tomando a este respecto."**

Sometida a urxencia desta moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos trece membros acorda a súa procedencia, polo que se somete a debate.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que están saíndo noticias nos medios de comunicación e que teñen máis información deste tema polo Concello de Sanxenxo que polo de Meaño, que non sabemos nada do que esta a facer o grupo de goberno, polo que plantexan alternativas.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen manifesta que empezaron a recoller sinaturas e os veciños están moi sensibilizados, engadindo que si Augas de Galicia di que a EDAR no ten capacidade para asumir a auga residual que aportaría o novo colector como é que o Concello non se opón e dé por feito que o polígono de Nantes vai a verter a EDAR, a opiñón dos veciños non é favorable a esta conexión e coincide cos motivos sinalados por Augas de Galicia.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que o que se plantexa debería ser iniciativa do grupo de goberno porque cando se firmou ese convenio xa se tería que ter pensado que nesas condicións sería un desastre para Meaño; puntualizando que se debería ter convocados a tódolos grupos municipais. Engade que a EDAR ten capacidade o problema é que non hai separación das augas fecais e pluviais e que non se toma ningunha medida para evitar que as augas pluviais entren nos colectores.

Toma a palabra o Sr. Gondar Pintos, quen sinala que está totalmente de acordo

coas esixencias que se plantean formular a Xunta. Engadindo que, a EDAR non é do Concello de Meaño, está no territorio de Meaño e da servizo a tres concellos e na súa previsión está preparada para recibir as augas residuais dunha poboación de trinta e cinco mil habitantes e, no momento actual, a poboación que verte está en torno a quince mil habitantes correspondéndolle a porcentaxe de aportación máis alta a Sanxenxo, o problema está nas augas pluviais que se desvían ao colector e terminan na EDAR, incluso das arterias viarias da Xunta; polo que está claro que despois do informe emitido por Augas de Galicia, si a EDAR ten problemas teñen que poñerlle solución. Remata sinalando que o grupo de goberno non vai aceptar nin consentir, co actual informe, a conexión das augas residuais do polígono industrial de Nantes á EDAR de Os Pasales si por parte da Xunta non se solucionen os problemas apuntados no informe.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, preguntando si desde o Concello se lle trasmitiu estes problemas a Xunta porque no Parlamento cando se lle preguntou a directora de Conservación da Natureza confundiu Os Pasales co Carreirón; puntualizando que desde a Xunta non teñen nin idea do que pasa na EDAR porque non saben nin donde está.

Contesta o Sr. Gondar Pintos que a esa cuestión terá que responderlle a Conselleira.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, preguntando que vai pasar si nun futuro Augas de Galicia emite un informe positivo.

Contesta o Sr. Gondar Pintos que se non ven acompañado das obras necesarias para solucionar os problemas plantexados o grupo de goberno posicionarase en contra da conexión e esta posición xa lle foi trasladada á Consellería.

Insiste o Sr. Varela Budelo que hai que loitar para que solucionen o problemas das pluviais das estradas e incluso a dos veciños.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que este tema ven viciado desde o principio pero insiste que non sabe si falaron desto en Santiago pero alégrase máis de que o grupo de goberno non vaia a consentir que se faga a conexión si non ven aparellada de solucións.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que se asinou un convenio que se consideraba beneficioso porque aproveitando as obras da construción do colector por parte do Concello de Sanxenxo o Concello de Meaño executaría unha senda peonil a carón do río a vez que o Concello de Meaño podería facer uso do colector das augas residuais do parque empresarial de Nantes servindo de aliviadoiro ao colector xeral da rede de saneamento. Engadindo que os veciños están concienciados e sensibilizados con este asunto pero tal vez non teñan información de que a EDAR é de Augas e en calquera caso o grupo de goberno, ante os problemas apuntados no informe de Augas de Galicia, non vai a estar de acordo coa conexión ata que se solucionen.

I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Replica o Sr. Varela Budelo que co convenio asinado abríuselle as portas a Sanxenxo sen condicións.

Contesta a Sra. alcaldesa esta conexión e algo do que se viña falando Sanxenxo e Meaño desde moito antes do 2012 e que podería beneficiar aos dous concellos.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, aproba a devandita moción.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

*** García Fernández:**
ROGOS:
1. Solicitamos o acondicionamento da pista de fútbol de Lores, xa que actualmente as porterías son un perigo para a seguridade dos nenos (FOTOS)
2. Rogamos que se estudien todas as posibilidades para reducir a velocidade da carretera de cruza Os Seixiños e vai hacia Castrelo.
3. Queremos reiterar o noso desacordo coa decisión de seguir dando herbicidas cerca das casas. Recordámoslle que está totalmente desaconsellado polas autoridades.
4. Rogamos que se inclúan na oferta de extraescolares as actividades que se desarrollan no Centro de Desarrollo Local de Vilanova, como son modelado e impresión en 3D, manexo de Drons e creación de videoxogos.
5. Ademais de estes cursos, creemos necesario que se inclúa tamén nas actividades extraescolares, un curso sobre Organización e Planificación do Traballo Escolar.
6. En próximas celebracións ou actividades, rogamos que se teña en conta o colectivo con idades comprendidas entre 16 e 60 anos, xa que a gran maioría de actividades están dirixidas a menores de 16 e superiores de 60 anos.
7. Unha vez máis, rogamos a instalación de máis contenedores na Rúa Ponte Dena, así como unha nova distribución dos contenedores da praza de abastos, que están contaminando directamente o río.
8. Por qué motivo non se reuniu cos grupos da oposición para levar como moción conxunta o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino? Cónstanos que se reuniron con vostedes. Qué motivo hai para non rexistrar a moción?
9. A Deputación de Pontevedra vai aportar 220.000€ para a creación de programas para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención de violencias machistas. Van solicitala?

PREGUNTAS:

I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / ?

1. Cantos edificios públicos do Concello de Meaño son "espacios cardioprotexidos"? No caso de habelos, dende cando? Existe persoal formado que sepa utilizar o equipamento médico? [É decir, contan co equipamento necesario para enfrentarse a posibles problemas cardíacos dos usuarios] [Se non hai ningún – CREALOS]

2. A mancomunidade ten previsto dotar de fibra óptica a algunhas zonas no concello de Meaño, a través de puntos de acceso gratuítos mediante wifi. En qué consiste a mellora?

3. A través dos medios de comunicación supemos que xa se adxudicara o contrato para seguir coa obra de reconstrución do Pavillón de Xil. Propúxoselle algún tipo de garantía tal e como se acordara nun pleno, para evitar un novo abandono?

4. A realidade aumentada está collendo impulso como unha nova forma de promocionar os recursos naturais, culturais e patrimoniais dos concellos. Na Mancomunidade van utilizar, ao igual que a Deputación, a realidade aumentada para aumentar o turismo na zona. Esto formará parte do Plan Turístico que vostedes lle demandaran para Meaño? Podría resumirnos en qué consisten as medidas deste "Plan" para promocionar Meaño?

5. A Comarca do Salnés comeza a aumentar o número de empresas creadas, pero Meaño é o único concello no que existe unha disminución de empresas. Qué teñen pensado facer para reverter esta situación?

6. Xa teñen algunha nova idea para solucionar o problema de condensación do Pavillón de Coirón?

7. Como sabrán, este ano aprobouse unha nova Lei de Protección Animal. Neste pleno da corporación aprobouse a creación de unha ordenanza que regulase os animais domésticos. Como vai a súa redacción? Supoñemos que se terá en conta a lexislación actual.

8. Un veciño de Viliquín solicitou en tres ocasións a revisión e posterior limpeza da cuneta, no lugar do Regueiro, posto que cando chove a auga rebosa e acaba baixando pola carretera.

9. No DOG do 28 de decembro do 2017 a Xunta publicou unha subvención para a ordenación ou xestión forestal dos montes. Teñen pensado adherirse? Qué plan teñen para a xestión forestal?

10. O Concello de Meaño solicitoulle á Xunta adherirse ás axudas para a mellora das ZEC (Zonas de Especial Conservación)?

11. No pleno pasado asegurounos que ía instar ao Concello de Sanxenxo para que instalarán a señalización adecuada para evitar que pasasen por Dadín vehículos de gran tonelaxe. A día de hoxe segue todo igual, e cada vez hai máis desperfectos nas casas dos veciños provocados por estes vehículos.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- O estudio da redución da velocidade da estrada de Seixiños a Castrelo está contemplada no Plan Móvese de Deputación.
- En relación coas actividades, as propostas lle parecen ben e robótica xa se está dando.
- En canto aos contenedores na R/ Ponte Dena cambiáronse por outros con máis capacidade.

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

- Polo que respecta a moción que sinala en relación coa explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino, si estiveron e quedaron en que a van a presentar no mes de abril.
- Non contamos con edificios públicos clasificados como "espacios cardioprotexidos".
- No procedemento de contratación do pavillón de Xil, esixiuse garantía provisional coa presentación da oferta para asegurar a seriedade das empresas licitadoras para manter a oferta e antes da adxudicación a definitiva.
- Estase a estudar un novo proxecto para solucionar o problema de condensación do Pavillón de Coirón, en canto dispoñamos del pasaráselle unha copia.
- Ao abeiro da convocatoria de axudas para a mellora das Zonas de Especial Conservación solicitouse unha axuda para levar a cabo una actuación na finca que o Concello ten en Seixiños.
- O Concello de Sanxenxo comprometeuse a instalarán a señalización que menciona e si non está colocada será cuestión de días.
- En canto ás porterías da pista deportiva de Lores verase porque aínda fai uns meses que se arreglaron.

*** José Varela Budelo:**

- Qué membros do grupo de goberno foron a ver a posibilidade de sacar o saneamento de Lores por gravidade.

Contesta a Sra. alcaldesa que ela mesma, José Ramón e o técnico redactor do proxecto.

Engade o Sr. Varela Budelo que no pleno do mes de decembro puxera de manifesto os inconvenientes do trazado previsto no proxecto que se ía executar porque suporía bombeos e os custos derivados do mesmo, ademais do risco de verquidos si falla o bombeo mentres que un trazado por gravidade evitaría estes riscos e permitiría darlle servizo a dúas vivendas máis ao que a Sra. alcaldesa alegou que era inviable.

Contesta a Sra. alcaldesa que no dixo que non puidera ser por gravidade senón que supoñía máis distancia e sería máis dificultoso e custoso polo que non se considerou como trazado máis viable.

Replica o Sr. Varela Budelo sinalando que José Ramón na comisión informativa de servizos recoñera esta alternativa pero que dado que a obra tiña que estar executada antes de rematar o ano non daba tempo a estudiala, engadindo que desde que plantexaran a necesidade desta obra no 2015 houbo centos de días para estudala, solicitando da Sra. secretaria que de lectura ao informe técnico elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Alfonso Agís Méndez:

"**<u>INFORME DE VIABILIDAD DE EJECUCIÓN DE OBRA DE SANEAMIENTO EN LORES, MEAÑO</u>**

DON ALFONSO AGÍS MÉNDEZ, CON D.N.I. 76.827.366-Y, INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA, COLEGIADO NÚMERO 1502 DEL COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS Y PERITOS AGRÍCOLAS (A CORUÑA – PONTEVEDRA), CON DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES EN LG. DE SOUTO Nº 4, SIMES, MEAÑO, PONTEVEDRA, EXPONE:

Que habiento sido requerido para determinar la viabilidad de ejecución de una obra de

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

saneamiento en el Lg. de A Laxe, parroquia de Lores, el municipio de Meaño.

Acepto el requerimiento y procedo a realizar el siguiente informe.

## INFORME TÉCNICO

### 1. ANTECEDENTES y OBJETIVO.

La redacción del presente informe tiene por objeto determinar si es viable la ejecución de una obra de saneamiento por gravedad, aprovechando la pendiente natural del terreno. Para lo cual se realiza un levantamiento topográfico y posterior procesado de datos al objeto de estudiar la posibilidad de ejecucion de la dicha obra de saneamiento.

### 2. TRAZADO Y PENDIENTES:

El trazado del colector de saneamiento de estudio se dispone mayormente por parcelas de cultivo y huerto. Se ofrece un trazado alternativo en donde se miminiza el paso por parcelas destinadas a viñedo.

Dicho trazado sigue una pendiente descendente en el 95% del trazado, que permite la correcta ejecución del colector de saneamiento que se pretende.

Se define la existencia de tres puntos críticos en donde la pendiente del colector de saneamiento deberá aproximarse a los mínimos establecidos por norma.

PUNTOS CRÍTICOS:

Existen tres puntos críticos en donde la falta de pendiente positiva del terreno deberá ser corregida con una mayor profundidad del colector:

-PK 0+110 a PK 0+140: en este tramo la pendiente del colector será de 1,40% alcanzando la tubería una profundidad máxima de tubería de 1,78 cms. sobre la rasante natural del terreno.

-PK 0+200 a PK 0+230: en este tramo la pendiente mínima del colector será de 1,20% alcanzando la tubería una profundidad máxima la tubería de 1,87 cms. sobre la rasante natural del terreno.

-PK 0+420 a PK 0+520: en este tramo la pendiente mínima del colector será de 1,10% alzanzando la tubería una profundidad media de tubería de 1,50 cms. sobre la rasante natural del terreno.

- En cuanto corresponde al trazado alternativo propuesto se elimina el punto crítico entre el PK-0+420 a PK 0+520 y se elimina el itinerario por zonas de cultivo de viñedo, asimismo el trazado mantiene una pendiente más uniforme.

**De lo anterior se determina que la ejecución de esta obra de saneamiento es viable en lo que corresponde a la topografía del terreno y las pendientes del mismo.**

### 3. VALORACIÓN DE LA OBRA A REALIZA:

En este apartado de valoran las obras a realizar para cada uno de los trazados.

Se adjuntan al presente los anexos de presupuesto de las obras a realizar para cada uno de los trazados, de lo cual resultan las siguientes candidades finales:

TRAZADO 1 (520 metros linales)= **31.541,65 €**

TRAZADO 2 (670 metros linales)= **38.679,80 €**

Y para que conste a los efectos oportunos expido este informe.

Meaño, a 30 de enero de 2018.

El Ingeniero Técnico Agrícola. Fdo: Alfonso Agís Méndez, Clgdo. nº 1502.

**Presupuesto de ejecución de trazado 1 (520 metros lineales):**

-Metro cúbico de excavación en zanja de 1,50 m de profundidad y 0,60 m de ancho, ejecutada por medios mecánicos y ayuda manual, en terreno compactos, entibación si fuese necesario.

520 Ml. X 0,60 x 1,50 = 468 m³ * 4,05 €/Ml. = 1.895,40 €

-Suministro y colocación de tubería de PVC de 250 mm. de diámetro, Serie 5, sobre cama de arena de río de 10 cms. incluso posterior relleno con material selecionado hasta 10 cms. por encima de la tubería. Incluido juntas, nivelación y pruebas de estanqueidad, y parte proporcional de medios auxiliares.

520 Ml. * 21,55 €/Ml. = 11.206,00 €

-Relleno de zanjas, humentación y compactación en capas con material procedente de excavación. Incluido retirada a vertedero de material sobrante.

520 Ml. x 0,60 x 1,30 = 405,60 m³ * 1,15 €/Ml. = 466,44 €

...I.F.: P-3602700-A C.Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/...

-Ud. Formación de un pozo de registro completo prefabricado de hormigón 150 cms. de altura útil interior y de 100 cms. de diámetro, solera de hormigón en HA-200 con mallazo, arillos prefabricados machihembrados, reducción a 60 cms. con marco y tapa de fundición de 60 cms. de diámetro, incluido excavación, colocados cada 25 metros.
21 Ud. * 195,60 €/Ud. 4.107,60 €

-Partida alzada para reposición de firmes, desmonte y montaje de emparrados, reposición de muros, señalización y seguridad y salud
1 Ud. Partida Alzada = 4.230,00 €

Presupuesto de ejecución material = 21.905,44 €
13 % Gastos generales.......... 2.847,71 €
6% Beneficio Industrial.........1.314,33 €
Total = ............26.067,48 €
IVA (21%) = .............. 5.474,17 €
**Presuposto de ejecución por contrata = ............................................ 31.541,65 €**

**Presupuesto de ejecución de trazado 2 (670 metros lineales):**
-Metro cúbico de excavación en zanja de 1,50 m de profundidad y 0,60 m de ancho, ejecutada por medios mecánicos y ayuda manual, en terreno compactos, entibación si fuese necesario.
670 Ml. X 0,60 x 1,50 = 603 m³ * 4,05 €/Ml. = 2.442,15 €

-Suministro y colocación de tubería de PVC de 250 mm. de diámetro, Serie 5, sobre cama de arena de río de 10 cms. incluso posterior relleno con material selecionado hasta 10 cms. por encima de la tubería. Incluido juntas, nivelación y pruebas de estanqueidad, y parte proporcional de medios auxiliares.
670 Ml. * 21,55 €/Ml. = 14.438,50 €

-Relleno de zanjas, humentación y compactación en capas con material procedente de excavación. Incluido retirada a vertedero de material sobrante.
670 Ml. x 0,60 x 1,30 = 522,60 m³ * 1,15 €/Ml. = 600,99 €

-Ud. Formación de un pozo de registro completo prefabricado de hormigón 150 cms. de altura útil interior y de 100 cms. de diámetro, solera de hormigón en HA-200 con mallazo, arillos prefabricados machihembrados, reducción a 60 cms. con marco y tapa de fundición de 60 cms. de diámetro, incluido excavación, colocados cada 25 metros.
27 Ud. * 195,60 €/Ud. 5.281,20 €

-Partida alzada para reposición de firmes, desmonte y montaje de emparrados, reposición de muros, señalización y seguridad y salud
1 Ud. Partida Alzada = 4.100,00 €

Presupuesto de ejecución material = 26.862,84 €
13 % Gastos generales.......... 3.492,17 €
6% Beneficio Industrial.........1.611,77 €
Total = ........... 31.966,78 €
IVA (21%) = .............. 6.713,02 €
**Presuposto de ejecución por contrata = ............................................ 38.679,80 €"**

Puntualizando o Sr. Varela Budelo que co informe ponse de manifesto que si era posible executar este saneamento por gravidade ademais permitiría conectar o saneamento que baixa de Freixeiro e de S. Benito para evitar o colector da estrada e sanear as dúas casas que quedaron sen el e a obra resultaría máis barata; concluíndo,



N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

dirixíndose a Sra. alcaldesa, que con cada obra que se fai queda demostrada que non está capacidade para xestionar e seguir ao frente do Concello.

Toma a palabra a Sra. Pérez Gándara quen pregunta ao Sr. Varela Budelo por qué non fixo esta obra cando formaba parte do equipo de goberno contestando o Sr. Varela Budelo que naquel entonces fíxose moito pero non foi prioritario este saneamento.

Contesta a Sra. alcaldesa ao Sr. Varela Budelo que o que lle molesta é que se sigan facendo obras sin estar él no equipo de goberno; ao que o Sr. Varela Budelo lle reprochuo a súa posición de soberbia e falta de humildade.

*** Sr. Ásperez Montes:**

I.F.: P-36-02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/14

1.- Queremos solicitar a trasladar a petición para que os plenos, canto antes poidan ser gravados.
2.- Voltamos a ter que devolver cartos por non telos gastados.
Esta vez novamente a Deputación. Parécenos unha vergoña devolver 1498,18 € por non xustificar, cando por exemplo na contratación dun veciño máis do Concello para realizar tarefas previstas neste Plan Subvencionable, xa estarían ben empregados, e seguro que hai moitas tarefas que facer e moitos veciños (sin dietas nin kilometraxe) que o necesitan. Porqué non se esgotou toda a partida?
Contesta a Sra. alcaldesa polas baixas médicas dos traballadores contratados.
3.- Respecto a obra do muro en Quintas que supuxo a denuncia dun veciño contra vostede, como sabe, e así aparece na prensa, confiamos na súa inocencia, pero dígolle que diga o que diga o xuíz, vostede para os veciños xa é o culpable desta situación.
*Como se puido contestar a unhas alegacións dicindo que non había presa de rego nese punto afectado pola expropiación?
"no se ha constatado la presencia de ningún tipo de presa de rego, por ello no se ha tenido en cuenta en el proyecto".
Temos un informe feito por D Jorge Domínguez Rosal, anterior alcalde e en calidade de perito, onde queda constatada a existencia desa presa de rego
*Houbo o día 20 de xaneiro unha petición do xulgado de Cambados do expediente completo da obra do muro de Quintáns. Xa foi remitido? Completo?
*Temos pendente o acceso, ou a facilitación dunha copia completa deste expediente. Vainos a ser facilitado?
4.-Seguimos a ter pendentes de resposta varias peticións, destaco:
*Informe completo da obra muro de Quintáns.
*Informe sobre as multas impostas pola Policía Local e os seus trámites posteriores de cobro das mesmas (Icía incluso dixo no pleno anterior que "non se remiten as multas a xefatura de Tráfico", o cal nos parece moi grave e incluso delictivo si esa afirmación fose certa).
*Copia da petición dun informe que dixo vostede se fixo, a Consellería de educación sobre o asunto do conserxe no colexio de As Covas.
*Copia da petición do informe solicitado a Costas sobre a problemática do cobro de taxa na pista de pádel dos Pasales.
*Copia do ingreso nas contas do Concello do importe da sanción imposta pola

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Inspección de Traballo por ter traballadores sen contrato (non un senón catro; que sepan que hoxe serían catro sancións porque o contrato/prórroga de tres traballadores foi comunicada despois da inspección de traballo).
Este ingreso íba ser do grupo de goberno. Xa ingresaron todos a súa parte?, Impúxose a opinión dalgunha concelleira de non ingresar? Ingresou o partido? Ingresou a alcaldesa?. Nós só queremos verificar o seu compromiso e asegurarnos de que algunha que outra promesa cumpre.
Cando se nos van a facilitar estes documentos e atender estas peticións?
Quero facer constar que si o próximo mércores día 21 aínda non foran atendidas, o venres día 23 tomaremos medidas e actuaremos en consecuencia a súa decisión.
5.-Sobre o pavillón de Xil:
O feito, ou NON feito ata agora, e que resultan cartos tirados debemos informar que son case 17.000 euros.
*Hai feita unha liquidación coa anterior empresa, previa a resolución das alegacións por estar presentadas onde xa queda desvinculada da obra. Nesa liquidación se fala duns prazos para recursos. Aínda cabería algún recurso por parte desta empresa?
É posible que habendo aínda prazo legal para recurso xa se procesa a licitar a nova obra?
*En plenos anteriores discutimos, Jose Ramón, sobre non perxudicar a empresas do Concello poñendo no pliego de condicións algunha que pechaba as portas á incorporación de novas empresas para obra pública, e que facía referencia a obras anteriores (certificadas) nese sector e tamén as cantidades necesarias en función da obra a contratar. É máis a Sra Alcaldesa nun Pleno anterior dixo a este respecto "..a esixencia está na lei, e vai acorde co volume da obra, que é similar ao importe da obra"
Como sigo sen estar dacordo con estes procedementos, pero teño que aceptalos, pregúntome si nesta licitación, a unha empresa creada no 2016, se lle tivo en conta e cumpre este requisito. Me parecería moi extraño que o Concelleiro de obras non mostrase a súa rareza por esta licitación.
Nos preguntamos e pediremos a xustificación conforme cumpre coas obrigas técnicas impostas nas bases.
Por outra banda xa se debría retirar a mención a estimación obxetiva para as actividades relacionadas con construción das bases de licitación de calquera obra
6.- Solicitaremos no día de mañá polo rexistro do Concello a realización ou reparacións que consideramos urxentes, e que a modo de información serán:
-Pista de Pazo do Monte en Padrenda: sobre todo o tramo a partir da fonte do picho e do lavadoiro está nunhas condicións deplorables, máis grave aínda a altura da vivenda número oito, sendo xa perigosa a circulación.
-Rexa en Padrenda: A súa inmediata reparación ou sustitución xa que non é de recibo as condicións de seguridade para os usuarios desa pista recién reparada quede nestas condicións.
-Pista de subida A Laxe en Lores. O estado do firme fai que se chegue so con medio coche unha vez que se usa este vial. Urxe reparación.
7.-Solicitar, rogar e preguntar porqué non poder acceder as resolucións da Alcaldía durante un período de tempo maior, non só dende o mércores anterior o Pleno.

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A Sra. alcaldesa cédelle a Sra. González Dopazo que pasa a dar resposta a diversas cuestións formuladas en anteriores sesións plenarias.

No Pleno da Corporación de data 28 de Decembro de 2017, a voceira do Grupo PSdG-PSOE, a Sra. García Fernández, formulou unha serie de preguntas das que quedaron pendentes de resposta as seguintes cuestións:

1. **A partida de "cátering comedor escolar" sufre un aumento de 8.000 euros. Con qué motivo prevén este aumento?Vai ir ligado a unha subida do prezo do comedor escolar?**

*En absoluto. Cando reflexamos este incremento estamos a referir a un maior importe a percibir vía subvención pola Consellería de Educación.*

2. **¿Poden concretarnos o significado da palabra "outros" na partida na partida "Festa dos Muiños e outros"?**

*A Festa dos Muiños e a Mostra Labrega, dúas actividades que se celebran conxuntamente o derradeiro domingo do mes de Xullo, intentan ser melloradas cada ano, na medida do posible, por parte do grupo de goberno. Así pretendemos seguir mellorando e innovando con novas propostas e actividades dentro desta Festa, maior publicidade é promoción turística, maior oferta cultural...... o que supón un incremento nos gastos e polo tanto un maior desembolso económico para o disfrute de todos os veciños.*

3. **Digno de mención é o estancamento das partidas a "promoción do comercio-mercado municipal" e "promoción turística".**

*Cando se refire ó estancamento de partidas económicas adicadas á promoción do noso comercio e do mercado municipal parece que se esquece que ata fai pouco, o Concello contemplaba unha partida de 1.000 euros para á subvención destinada á Asociación de Comerciantes, que na actualidade, como dita Asociación carece de actividade, non solicitan subvención algunha. A pesares diso, o Concello traballa promocionando a actividade comercial do pequeno comercio e a hostelería, e dende 2015 leva a cabo a Campaña Noites Vermellas (este ano tivo lugar a terceira edición), o Concurso de Tapas por Meaño para os hosteleiros (tamén vai pola terceira edición).....*
*En canto ao mercado municipal, dende o Concello levouse a cabo a colaboración económica na Campaña Quere ao teu mercado promovida pola Xunta o ano pasado, e para o futuro, pretendemos establecer un calendario de colaboracións cos comerciantes de Mercadena, para que se poidan promocionar.*

4. **¿A qué casas de Cultura se refiren na partida de "Melloras reposicións Casa Cultura", ademais de Cobas? ¿Por fin van adecuar á lei o acceso?**

*Cando se menciona o apartado "melloras e reposicións Casa de Cultura" estamos a falar de Cobas. É unha partida contempladas para obras que inclúen entre outras, dotar ás instalación de canalóns, revisar o tellado e a pintura do aleiro.*

I.F.-P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/2

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

5. **¿As "melloras das instalación deportivas" refírense aos problemas de condensación do Pavillón de Dena? ¿E a o de Xil?**

*Cando falamos de melloras queremos referirnos a calquertraballo de mellora que xurda nas instalación deportivas do Municipio, entre elas por suposto, as necesidades do Pavillón de Coirón-Dena.*

6. **¿Teñen un listado coscamiños que van a ser mellorados no exercicio 2018?**

*Paso a relatarlle cales son:*

- ✓ *Camiño de Pereiras en Meaño*
- ✓ *Camiño de A Besada en Simes*
- ✓ *Camiño de Axis en Simes*
- ✓ *Camiño de Rial en Lores*
- ✓ *Camiño de As Angustias en Xil*
- ✓ *Camiño de Tanoira en Padrenda*
- ✓ *CamiñoGaliñáns en Lores*
- ✓ *Camiño das Eiras en Paradela-Lores*
- ✓ *Camiño de Cortiña en Simes*
- ✓ *Camiño de Picón en Xil*
- ✓ *Camiño de Cobas*
- ✓ *Camiño Souto-Igrexa en Simes*

7. **¿Qué melloras se van a realizar en Pereiras, Axís e Besada?Expliqueas.**

*Con respecto a estas obras, teñen a súa disposición para consultar ós proxectos das mesmas, pero en liñas xerais, as melloras consisten en novos asfaltados con cunetas.*

8. **En canto a unha serie de preguntas que formulaba sobre o cadro de persoal, referidas á aprobación da RPT, os erros nos documentos do cadro de persoal e a súa insinuación de erros nos certificados fiscais remitidos aos traballadores relativos ao ano 2016;**

*Sinalar que non existe negativa por parte desta Alcaldía a traballar nunha RPT. Pero tamén e certo que o anexo de persoal do Orzamento Municipal do ano 2018 contén a documentación que preceptúa a lexislación actual aplicable.*

*En canto aos erros nos documentos do cadro de persoal sinalar que efectivamente existían certos erros de transcrición que xa foron propostos para subsanación neste Pleno que nos ocupa.*

*No que se refire a súa insinuación dunha mala praxe na confección dos certificados fiscais dos traballadores, sinalarlle que non nos parece admisible que poña en dúbida a profesionalidade dos xestores administrativos deste Concello xa que non se trata nin de un erro, nin dunha mala xestión pola súa parte senón que os certificados fiscais que lles foron remitidos aos traballadores do ano 2016,reflexan unha variación*

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

*na retribución bruta reflexada no cadro de retribucións do Orzamento 2016 polas situacións de baixa laboral, pola percepción da produtividade e sobre todo, porque no ano 2016 se abonou o importe deixado de percibir por cada empregado das pagas adicionais do mes de decembro de 2012 que non figuraban nas tablas de retribución pero si nas bases de aplicación das retribucións do Orzamento municipal do ano 2016. De ahí as diferencias as que vostede fai mención que distan bastante dun erro administrativo grave tal e como afirmaba.*

**9. ¿Por qué motivo non cubren a praza vacante de oficial de policía local?**

*A praza vacante de oficial de policía local, foi convocada o ano pasado por promoción interna. O único funcionario que reunía as condicións para poder acadar a praza, na metade do proceso selectivo, gañou unha praza noutro Concello. Polo cal o proceso quedou paralizado. Agora temos que volver a convocar de novo a praza vacante de oficial pero non poderá ser por promoción interna senón por libre concorrencia dado que ningún dos traballadores reúne a titulación requirida para o posto de oficial.*

Toma a palabra a Sra. García Fernández para recalcar a súa disconformidade coa afirmación de mala praxis na elaboración dos certificados fiscais das/dos empregados do Concello de Meaño.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. Mª Lourdes Ucha Varela

I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / .

# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40